## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 19 de setembro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto, na especialidade de ruso entre outras, polo Anuncio do 12 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, na especialidade de ruso, e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, na especialidade de conservación e restauración de materiais arqueolóxicos (*Diario Oficial de Galicia *do 17 de marzo de 2008).*

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral resolve:

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (http://www.edu.xunta.es profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escuelas oficiales de idiomas, na especialidade de ruso, baremo aberto, polo Anuncio do 12 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (*Diario Oficial de Galicia* do 17 de marzo de 2008).

Segundo.-Elevar a definitiva a relación de aspirantes excluídos relacionados no anexo publicado no anuncio do 19 de agosto de 2008 (DOG do 1 de setembro).

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria